

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 27.11.2015 Hora: 10:30



A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 27 de novembro de 2015, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 42969 (09/POC-006401)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis
Sobre o acollemento que tiveron nos centros as novidades da introdución do xadrez e a oratoria no sistema educativo galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 542, do 28.10.2015
- 1.2 43224 (09/POC-006443)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis
Sobre as razóns do cambio do proxecto inicialmente previsto para a rehabilitación do edificio do Sanatorio de Cesuras para a súa conversión en centro de día e xeriátrico por outro impulsado por unha entidade privada en Porzomillos, o seu futuro e as previsións da Xunta de Galicia respecto da busca de alternativas para a súa conservación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 546, do 05.11.2015
- 1.3 43346 (09/POC-006459)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 3 máis
Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para garantirle á comunidade educativa do Instituto de Ensinanza Secundaria Agra do Orzán, da Coruña, o mantemento da súa posibilidade de acceso ás instalacións da piscina situada no centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 551, do 12.11.2015

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 17025 (09/PNC-001386)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier



Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación cos recursos públicos destinados ao ensino da materia de Relixión Católica nos centros públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 224, do 17.01.2014

- 2.2 34194 (09/PNC-002872)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier
Sobre a creación dunha comisión parlamentaria de estudo para realizar un diagnóstico da situación actual da lingua galega e deseñar actuacións dirixidas a facer efectivo e avanzar no Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 425, do 04.03.2015
- 2.3 36052 (09/PNC-003030)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a adscrición e futura integración dos centros públicos de ensinanzas artísticas superiores no Sistema universitario público de Galicia, así como para posibilitarlle ao alumnado que remata os seus estudos no curso 2015-2016 a conversión do título superior en grao universitario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 448, do 15.04.2015
- 2.4 39504 (09/PNC-003314)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín e 7 máis
Sobre a celebración do vindeiro Día da Edición en Galicia, promoción das actuacións e recoñecemento social do destacado profesional da edición Ánxel Casal Gosende
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 511, do 02.09.2015
- 2.5 40860 (09/PNC-003413)
Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre a prohibición pola Xunta de Galicia de calquera intervención que poida alterar o carácter arquitectónico e paisaxístico da contorna delimitada do mosteiro de Santa María de Melón, declarado "ben de interese cultural"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 520, do 16.09.2015
- 2.6 43318 (09/PNC-003636)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a autorización pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria do acceso do alumnado ás instalacións da piscina situada no
Instituto de Ensinanza Secundaria Agra do Orzán, da Coruña, nas mesmas
condicións en que se viña facendo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 550, do 11.11.2015

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2015

María Soledad Piñeiro Martínez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Soledad Piñeiro Martínez P

Vicepresidente

Antonio Mouriño Villar P

Secretario

Emilio Vázquez Blanco S

Vogais

Agustín Baamonde Díaz P

Moisés Blanco Paradelo P

María Concepción Burgo López S

Ricardo Vicente Docasar Docasar S

Javier Dorado Soto P

Hipólito Fariñas Sobrino P

César Manuel Fernández Gil P

Carmen Iglesias Sueiro M

Cosme Eladio Pombo Rodríguez BNG

Ramón Santos Pérez P

Ramón Vázquez Díaz AGE

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 42969(09/POC-006401)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre o acollemento que tiveron nos centros as novidades da introdución do xadrez e a oratoria no sistema educativo galego

Publicación da iniciativa, 542, 28.10.2015



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2015 10:45
Nº Rexistro: 42969
Data envío: 20/10/2015 10:45:15.744

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Moisés Blanco Paradelo, Javier Dorado Soto, César Fernández Gil, Antonio Mourinho Villar, Marisol Piñeiro Martínez e Ramón Santos Pérez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os decretos polos que se establecen os currículos da educación obrigatoria e de bacharelato para a aplicación da LOMCE propoñen, entre outras melloras, un sistema educativo máis flexible, adaptado ás circunstancias das comunidades educativas e que busca como obxectivo principal a excelencia académica.

Estes novos currículos supoñen un cambio metodolóxico sen rupturas cara unha aprendizaxe por competencias e que potencie a autonomía dos centros e do alumnado.

No pasado mes de xuño, o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria compareceu no Parlamento para dar conta das novidades coas que chegaba o texto co que se pasan a regular as ensinanzas de ESO e Bacharelato encadradas na LOMCE.

Entre elas, exemplificando ese carácter flexible da nova lei, en cumprimento das demandas da comunidade educativa e dos acordos parlamentarios, o novo decreto inclúe o Xadrez e a Oratoria como materias de libre configuración.

Xa no ano 1995, a UNESCO recomendou a introdución do xadrez nos programas escolares. Nese mesmo ano, o Senado español fixo unha declaración no mesmo sentido.

O 15 de marzo de 2012, o Parlamento Europeo fixo tamén unha declaración na que instaba á Comisión e aos Estados membros a apoiar a introdución do programa “Xadrez na escola” nos sistemas educativos.

Escoitada e consultada a comunidade educativa, no pasado mes de marzo o Parlamento de Galicia aprobou unha proposta do Grupo Popular pola que se instaba á Xunta de Galicia a traballar neste eido aproveitando as novas posibilidades que a LOMCE ofrece no ámbito curricular e metodolóxico, para a inclusión do xadrez como parte do sistema educativo.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2015 10:45
Nº Rexistro: 42969**
Data envío: 20/10/2015 10:45:15.744

Por outra banda, e dado que no proceso de ensino-aprendizaxe a competencia en comunicación lingüística constitúe un elemento central por representar unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade social e cultural, entendemos que era momento de abordar a súa relación coa comunicación, a argumentación e a expresividade.

Entre as prácticas discursivas están as destrezas de expresión oral, e o seu dominio constitúe un dos obxectivos transversais e específicos do ensino secundario, polo que debe ser traballado en todas as materias.

Fomentar a oratoria no ensino permite que o alumnado aprenda a expresarse en público, pero para conseguilo é necesaria unha preparación fundamentada analizando o punto de vista curricular e metodolóxico.

No mesmo marco de flexibilidade que ofrece a LOMCE, o Grupo Popular tamén conseguiu que o Parlamento de Galicia aprobara unha proposición non de lei súa pola que se instaba á Xunta de Galicia a afondar na implantación de programas, metodoloxías e materias que promoveran a mellora nas destrezas en expresión oral.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Unha vez iniciado o curso, ¿podería explicar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como foron recibidas polos centros as novidades de introdución do xadrez e a oratoria no sistema educativo galego?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 20/10/2015 10:40:51

Agustín Baamonde Díaz na data 20/10/2015 10:41:06

Moisés Blanco Paradelo na data 20/10/2015 10:41:13

Javier Dorado Soto na data 20/10/2015 10:41:22

César Manuel Fernández Gil na data 20/10/2015 10:41:35

Antonio Mouriño Villar na data 20/10/2015 10:41:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2015 10:45
Nº Rexistro: 42969
Data envío: 20/10/2015 10:45:15.744

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 20/10/2015 10:42:04

Ramón Santos Pérez na data 20/10/2015 10:42:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 43224(09/POC-006443)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis

Sobre as razóns do cambio do proxecto inicialmente previsto para a rehabilitación do edificio do Sanatorio de Cesuras para a súa conversión en centro de día e xeriátrico por outro impulsado por unha entidade privada en Porzomillos, o seu futuro e as previsións da Xunta de Galicia respecto da busca de alternativas para a súa conservación

Publicación da iniciativa, 546, 05.11.2015

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento


Partido dos
Socialistas
de Galicia


Emilio Vázquez Blanco, Vicente Docasar Docasar e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No ano 2012, Feijoo aproveitaba o debate de Política xeral para anunciar a fusión dos concellos de Oza e Cesuras como exemplo dunha política de reestruturación local. Así no 2013, nacía a primeira fusión de municipios en Galicia en 44 anos.

Acompañado a este anuncio, incluíuse un Plan de viabilidade que vestise a dita fusión que incluía a rehabilitación do Sanatorio de Cesuras e a súa conversión en centro de día e xeriátrico, un proxecto valorado en máis de 2.000.000 de euros e que o Plan de viabilidade prometía como premio “aos valentes”.

O Sanatorio de Cesuras, está na finca do Paraxón, situada no monte lindeiro coa antiga vía coñecida como “Camiño Real”, que servía de comunicacións entre as poboacións de Melide e A Coruña. Previsto como sanatorio para tuberculosos, o edificio emprazouse neste lugar pola súa altura e clima san, aínda que non se terminou a obra, sendo paralizada non ano 1931, e non sendo nunca utilizada para a función sanitaria.

Proxectado polo arquitecto Rafael González Villar, precursor do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, o sanatorio contaba cun corpo central, normalmente ocupado polos servizos xerais e polas salas de uso común, e de dous corpos laterais, reservando un para cada sexo. A obra do sanatorio ía ser costeada coas doazóns do Estado, de varios núcleos galegos de América e cos ingresos da Festa da Flor da Coruña. Non obstante, no ano 1931 as obras quedaron paralizadas, e dun xeito definitivo co inicio da Guerra Civil en 1936, a pesar do intento das autoridades locais para rematalas.



Grupo Parlamentario

Nun primeiro momento o edificio pertenceu á Sociedade Antituberculosa, que o cedeu ao Estado, ata que en 1973, pasou a ser patrimonio do Concello, coa condición de que se respectase a masa arbórea, e de que a finca permanecese aberta para os habitantes de Cesuras e os seus visitantes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cinco anos despois do anuncio da fusión dos concellos, o Goberno municipal acaba de anunciar a renuncia á rehabilitación do Sanatorio do Paraxón como centro de día e rescata un proxecto de residencia privada do ano 2003. É dicir que o premio á fusión anunciado pola Consellería de Benestar en 2013 e que supuña un investimento de 2.000.000 de euros xa non vai ser outorgado, e no seu lugar, o Concello está acelerar os trámites para instalar un xeriátrico privado en Porzomillos.

Este plan, que fora anunciado no ano 2003 e promovido pola empresa Lucus Residencial, creada no mesmo mes no que o Concello facía o anuncio, estivo en estado latente até que en 2014 a Consellería de Medio Ambiente expuxo na súa páxina *web* un plan especial de equipamento en chan rústico promovido polo Concello para construír este centro de maiores nunha parcela en Porzomillos propiedade de Lucus Residencial.

Unha vez máis, os veciños de Oza-Cesuras son vítimas dos gobernos do Partido Popular que con falsas promesas intentaron xustificar unha fusión, feita ás costas dos veciños e que serviu de parapeto á falla de política territorial. O problema é que as consecuencias as pagan as persoas ás que se lles prometeu un investimento de 2.000.000 de euros para a construción dun xeriátrico e centro de día.

E tamén, neste caso as paga o patrimonio, debido a que a construción do dito centro implica a rehabilitación do Sanatorio do Paraxón. Un edificio de estilo modernista que se atopa abandonado e en ruínas. Só se conserva a fachada exterior e os muros do interior. As escaleiras e teitos están practicamente derruídas e o musgo e as enredadeiras están a comerse a fachada do edificio, facendo que a súa visión sexa pouco a pouco cada vez máis reducida.



 **Grupo Parlamentario**

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que se cambia un proxecto que supón un investimento de 2.000.000 de euros e a rehabilitación do edificio do Sanatorio, por un proxecto impulsado por unha entidade privada e en outro lugar?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Que vai acontecer agora co Sanatorio do Paraxón?

3ª) Pensa a Xunta de Galicia buscar alternativas á conservación deste edificio?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 20

Asinado dixitalmente por:

Emilio Vázquez Blanco na data 28/10/2015 18:54:41

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 28/10/2015 18:54:52

María Concepción Burgo López na data 28/10/2015 18:55:02

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 43346(09/POC-006459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para garantirlle á comunidade educativa do Instituto de Ensinanza Secundaria Agra do Orzán, da Coruña, o mantemento da súa posibilidade de acceso ás instalacións da piscina situada no centro

Publicación da iniciativa, 551, 12.11.2015

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, José Luís Méndez Romeu, Emilio Vázquez Blanco e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Nos últimos días ten chegado ao Grupo Parlamentario Socialista unha información procedente da Coruña, e máis en concreto da comunidade educativa do IES “Agra do Orzán”. Unha información que nos chega tamén pola resonancia que este asunto está a provocar nos diferentes medios de comunicación da Coruña e nas redes sociais.

A cuestión precisa ten que ver coa utilización dunhas instalación deportivas (en concreto dunha piscina), que a comunidade educativa do dito IES, viña utilizando ininterrompidamente dende o ano 1993 do pasado século, e que agora, sen saber moi ben as causas, comunícanlles que non as poden seguir utilizando, cando as devanditas instalacións foron construídas en terreos do propio instituto hai 22 anos, tal e como consta nun acta escrita da época á que tivemos acceso.

O Grupo Parlamentario Socialista quere coñecer en detalle a situación, e por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

1ª) Coñece a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a situación que vimos de describir?

2ª) De ser así, ten pensado a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facer algo para arranxar esta situación e garantir que a comunidade educativa do IES “Agra do Orzán” da Coruña siga a utilizar unhas instalacións deportivas das que vén gozando dende hai 22 anos?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2015



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2015 13:00
Nº Rexistro: 43346
Data envío: 04/11/2015 13:00:34.656



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 04/11/2015 12:54:40

Jose Luis Méndez Romeu na data 04/11/2015 12:54:51

Emilio Vázquez Blanco na data 04/11/2015 12:55:04

María Concepción Burgo López na data 04/11/2015 12:55:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 17025(09/PNC-001386)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación cos recursos públicos destinados ao ensino da materia de Relixión Católica nos centros públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, 224, 17.01.2014



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao través de **Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en comisión, relativa ós recursos públicos destinados ó ensino da materia de Relixión Católica nos centros públicos de Galicia.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alumnado galego escolarizado en centros de ensino público que cursan a materia de relixión católica diminúe ano tras ano de xeito moi importante. Os datos ofrecidos polo Ministerio de Educación Cultura e Deporte non deixan lugar a dúbidas a este respecto.

No curso 2000/2001, o 91,2 % dos nenos e nenas de Educación Primaria cursaba relixión católica o que facía un total de 90.103 alumnos matriculados nesta materia. Dez anos despois, no curso 2010/2011, o último ano do que o MEC ofrece datos, a porcentaxe de alumnos de Educación Primaria que cursaban relixión católica diminuíu ata o 77,4%, o que se concreta nun total de 69.706 nenos e nenas. A baixada na matrícula de nenos e nenas de Educación Primaria en relixión católica neste período en centros públicos de Galicia, chega ata os 20.397 alumnos.

O descenso do alumnado matriculado en relixión en Galicia en Ensino Secundario Obrigatorio é aínda maior. No curso 2000/2001, a porcentaxe de alumnado de Educación secundaria matriculado en relixión católica era do 64,7%, 57.340 rapaces, e dez anos despois no curso 2010/2011, era do 45,6%, 27.856 alumnos. As cifras amosan un descenso de 29.484 alumnos matriculados en relixión católica no ensino secundario obrigatorio nese período.

Polo que se refire o Bacharelato, a porcentaxe de alumnos matriculados en relixión católica é o mais baixo de todos os niveis de ensino non universitario, pasando do 51,4% no curso 2000/2001 que implicaba 21.421 rapaces e rapazas matriculadas, ó 28,8% e 9.187 alumnas e alumnos matriculados en relixión, o que implica un descenso 12.234 alumnos de Bacharelato que se decantaron por esta materia.

As cifras totais amosan que a materia de relixión católica perdeu 62.115 alumnos entre o ano 2001 e o 2011 pasando dos 168.864 matriculados aos 106.749, un 37% menos. Unha tendencia a baixa que foi continuada en todos os cursos dos últimos anos e que amosa unha realidade mesmo corroborada pola Conferencia Episcopal.

Por outra banda os datos publicados pola Consellería de Educación demostran que a evolución do profesorado de relixión contratado pola Xunta non experimentou un axuste proporcional ao alumnado matriculado nesta materia.

Nos últimos 10 anos o profesorado de relixión constitúe un cadro de persoal estable que evolucionou dende os 1025 mestres que traballaban no ensino público no curso 2003/2004 aos 975 que o fan no presente curso. Un profesorado e uns orzamentos que se manteñen ó redor dos 28 millóns de euros que a Consellería adica cada ano ao pago do profesorado de relixión católica, a pesar da mais que importante perda de matrícula da materia. Dito de outro xeito, un descenso de mais do 37% da matrícula no ensino de relixión se traduce nun 4% de descenso do profesorado pagado pola Consellería de Educación. Unha relixión Católica que recibe un trato preferencial mentres que o aumento de alumnado escolarizado nos centros públicos se traduce nunha redución do profesorado, cifrado nestes catro últimos anos polo propio Goberno en 1225 docentes menos. Unha escola pública que ve ademais como cada ano se lle recortan recursos e medios á vez que se pechan aulas e centros de ensino.

Dende Alternativa Galega de Esquerda consideramos que o ensino da relixión e as prácticas relixiosas deben quedar fóra do ensino público nun estado laico e aconfesional, mais se cabe nun goberno que en aras da austeridade, elimina fondos destinados ao ensino, á sanidade e á cultura que son, estes si, dereitos básicos da

ciudadanía.

Mais mentres isto non acontece, o goberno Galego debe realizar unha xestión responsable do diñeiro público acorde a uns criterios de proporcionalidade e xustiza, dirixidos a adaptar os recursos humanos e económicos destinados ao ensino da relixión de xeito proporcional á matrícula desta materia.

Por todo elo o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a

1/Axustar os recursos económicos dedicados ao ensino da relixión católica, ó descenso de matrícula desta materia cifrado en mais dun 37% nos últimos anos nos distintos niveis de ensino non obrigatorio nos centros públicos de ensino de Galicia.

2/Adicar os recursos detraídos do ensino da Relixión Católica o apuntalamiento do Ensino Público.

Compostela, 9 de xaneiro do 2014.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 09/01/2014 12:54:35

Ramón Vázquez Díaz na data 09/01/2014 12:54:39

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 34194(09/PNC-002872)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier

Sobre a creación dunha comisión parlamentaria de estudo para realizar un diagnóstico da situación actual da lingua galega e deseñar actuacións dirixidas a facer efectivo e avanzar no Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004

Publicación da iniciativa, 425, 04.03.2015

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa dos seus deputados Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández e ao través da súa vicevoceira Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate na Comisión**, relativa a creación dunha comisión de estudo para o diagnóstico da situación da Lingua Galega e o deseño de liñas de actuación para compensar a caída de falantes e ámbitos de uso.

Exposición de motivos

Os datos que se van coñecendo dende diferentes ámbitos oficiais, confirman de xeito evidente un importante e alarmante descenso no número de falantes e dos ámbitos de uso da Lingua Galega.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) fixo públicos unha serie de datos sobre **Coñecemento e o uso do galego** referidos ao ano 2013. A situación que reflicten eses datos, falan dunha Galicia que está convertendo a súa lingua propia nun obxecto etnográfico: é coñecida, pero cada vez se emprega menos.

Na franxa de idade máis temperá, entre os 5 e os 14 anos, a franxa das persoas que usan de forma habitual o galego ou máis galego que castelán acada uns rexistros do 25,12%, fronte ao 74,88% que fala de forma habitual castelán ou fai máis uso do castelán. Se agrupamos os rexistros da franxa que vai entre os 5 e os 29 anos no tocante a monolingües en galego o rexistro ofrécenos unha ridícula e pouco esperanzadora porcentaxe do 16,49%, mentres que o de monolingües en castelán móvese no 40,36%.

Estes simples datos, sen ir máis lonxe, amosan que as franxas de idades inferiores non van ser quen de garantir o relevo interxeracional no uso do galego, xa que, quen non ve utilidade no uso da lingua galega dificilmente pode actuar como panca dinamizadora do seu uso.

Nunha declaración institucional realizada o pasado 31 de Xaneiro a Academia Galega afirmaba na súa introdución que os *“datos estatísticos recentemente publicados veñen a apuntar un preocupante retroceso do uso do Galego nos últimos anos, especialmente entre as novas xeracións, agravando unha tendencia histórica que pode conducilo á decadencia”*.

O acordo asumido por unanimidade no Parlamento de Galicia materializado no Plan de Normalización Lingüística do ano 2004, remarcaba claramente a necesidade de establecer políticas de impulso do Galego para espallar o uso da nosa lingua en todos os ámbitos da vida pública e privada de Galicia e en todas as franxas de idade. Mais este “consenso lingüístico” foi mudado por un brusco cambio de rumbo na política lingüística de Galicia definido por un novo modelo definido como “bilingüismo harmónico” que, tal e como indica o seu nome, parte da falaz existencia dun problema de convivencia entre os falantes das dúas linguas oficiais de Galicia.

Un renxendo teórico, o “bilingüismo harmónico”, co que se pretende agochar unha realidade sociolingüísticamente contrastada como é a existencia dunha lingua dominante, o castelán, sobre outra dominada e minorizada, o galego que en consecuencia precisa de políticas diferenciais e compensadoras.

Os resultados deste novo enfoque concrétnanse nun proceso de substitución da lingua galega pola castelá nun escenario no que as franxas de idades inferiores, non van ser quen de garantir o relevo interxeracional no uso do galego. Por este motivo resulta urxente activar mecanismos que permitan revertir esta tendencia en vías de consolidarse.

A ninguén pode escapárselle o papel fundamental que a escola ten na adquisición, desenvolvemento e divulgación dunha lingua. Por este motivo tende a considerarse como un dos principais axentes normalización dun país e por tanto, a responsable de asentar e incorporar o Galego como lingua de uso dos mais novos. Pola contra a aprobación do Decreto do Plurilingüismo no ensino non universitario contrastouse como un axente desgaleguizador de primeira magnitude.

Cómpre pois, nunha situación de emerxencia como a actual, partir do consenso previamente existente para avanzar nunha política lingüística eficaz na defensa, pulo e normalización do Galego. O interese xeral na defensa da nosa lingua debe impoñerse hoxe se non queremos que a nosa lingua sexa un simple recordo etnográfico no futuro.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte proposición non de Lei para o seu debate na Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a

1º- Crear unha **Comisión de Estudo Parlamentar** na que podan participar diferentes institucións, organismos, colectivos e axentes para realizar un axustado diagnóstico da situación actual da Lingua Galega e deseñar actuacións dirixidas a facer efectivo e avanzar no Plan de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004.

En Compostela, a 26 de febreiro do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2015 09:40
Nº Rexistro: 34194
Data envío: 26/02/2015 09:40:59.306

Yolanda Díaz Pérez na data 26/02/2015 09:23:20

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/02/2015 09:23:24

Ramón Vázquez Díaz na data 26/02/2015 09:23:29

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 36052(09/PNC-003030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego


Pombo Rodríguez, Cosme Eladio e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a adscrición e futura integración dos centros públicos de ensinanzas artísticas superiores no Sistema universitario público de Galicia, así como para posibilitarlle ao alumnado que remata os seus estudos no curso 2015-2016 a conversión do título superior en grao universitario

Publicación da iniciativa, 448, 15.04.2015



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

 **PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2015 17:45
Nº Rexistro: 36052
Data envío: 07/04/2015 17:45:06.892

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Cosme Pombo Rodríguez, Daniel Rodas Chapela e Francisco Xesús Jorquera Caselas**, e das deputadas **Montserrat Prado Cores, María do Carme Adán Vilamarín, Ana Belén Pontón Mondelo e Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión**, relativa á necesidade de adscrición dos centros públicos de Ensinanzas Artísticas Superiores ao Sistema Universitario público Galego.

Os centros públicos de Ensinanzas Artísticas Superiores (EEAASS) levan tempo demandando a integración no Sistema Universitario Público Galego para que o seu alumnado poida acceder a unha titulación de Grao equiparábel ás titulacións existentes en Europa.

O Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro, que establecía a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola lei Orgánica 1/2006, de 3 de maio, de educación, indicaba que as ensinanzas artísticas deberían converxer no Espazo Europeo de Educación, co Plan Bolonia. A aprobación posterior de outros moitos Reais Decretos do ano 2010, que regulaban aspectos básicos do currículo dos estudos superiores de: arte dramático, música, danza, deseño, vidro e cerámica e conservación e restauración de bens culturais, sinalaba así mesmo a necesidade de crear un novo marco organizativo para as ensinanzas deste tipo.

Nembargantes, por parte das administracións educativas, nada se fixo ao



respecto nesta materia nos últimos anos.

A día de hoxe o alumnado obtén unha titulación superior equivalente á titulación universitaria de grao. Unha titulación en vigor no estado español mais non en Europa, que non a recoñece de xeito automático; titulación que tería que seguir un proceso de validación que supoñería inversión de tempo e diñeiro para conseguir esta convalidación.

En febreiro de 2012 varias sentenzas do Tribunal Supremo deixaban a moitos alumnos e alumnas das EEAASS nunha situación de absoluta indefensión por canto se lles privaba da titulación na que se matricularan no curso escolar 2010-2011. As sentenzas do Supremo establecían que os títulos aos que conducen as ensinanzas artísticas superiores non poden ter a consideración de “Grao”.

Diante desta situación de indefensión do alumnado galego e dada a precariedade das ensinanzas a que nos estamos a referir, con data 15 de marzo de 2012 constituíuse a Plataforma Galega pola Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores na Universidade, que, recollendo o sentir unánime do sector, ven desde entón desenvolvendo accións diversas para lograr a integración das EEAASS na Universidade pública, a través dun período previo de adscrición que permita que o alumnado puidera acceder a unha titulación de “Grao Universitario” equiparábel ás titulacións existentes en Europa, e adecuar esa integración ás características e especificidades das ensinanzas.

A pesares da reclamación da comunidade educativa, a pesares de: Escritos, Solicitudes, Recollida de sinaturas, Mobilizacións,... mesmo a dimisión de equipos directivos, etc., nada se fixo ao respecto por parte da consellería de Educación.



Lamentablemente, o curso pasado 2013/14 saú a primeira promoción de alumnado co Título Superior de EEAASS, titulación que, a día de hoxe, non é recoñecida co nivel de Grao no espazo europeo co cal este alumnado non dispón da igualdade de oportunidades que debería ter para poder optar a unha especialización que conduza aos títulos de mestrado e doutorado.

A día de hoxe, o alumnado das EEAASS obtén unha titulación superior que impide ao alumnado poder optar a unha especialización porque non se estableceron mecanismos para a organización dos estudos de postgrao que conduzan á obtención de títulos de mestrado e doutorado, debido a que o Mestrado previsto no RD. 1614/2009 non ten carácter universitario e non permite o acceso aos mesmos como se establece no RD 99/2011. A única posibilidade de realizar estudos de doutorado no mesmo ámbito de especialización consiste en apuntarse nos estudos de postgrao que están a organizar as universidades privadas en todo o estado.

As universidades privadas están vendo unha oportunidade de negocio e aumentaron grandemente a impartición de grados en ensinanzas artísticas. De feito están aumentando as ensinanzas artísticas en centros privados que concertan a oferta do título de grao con universidades estranxeiras, oferta que se está a converter nun negocio ben lucrativo.

As/os estudantes de centros de ensinanzas artísticas públicas que se trasladan a outros países europeos a completar a súa formación ou por cuestións laborais ven que malia as súas titulacións superiores, deben proceder a convalidar os seus estudos. Convalidación que supón pago de taxas ou o deber de cursar materias para obter o título oficial no país de acollida.



Esta discriminación fixo posíbel a creación de Plataforma Galega pola Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores no sistema universitario público galego. O fin que persegue esta Plataforma é que a Universidade pública ofrezan titulacións de grao en Ensinanzas Artísticas como única maneira de solucionar os problemas antes reseñados e equipararse co resto de Europa.

Na actualidade existe un desequilibrio, unha desigualdade de dereitos nestas materias entre os/as que estudan nos Centros (Escolas) Superiores Públicos e quen estuda podéndose pagar os graos na privada.

Compre poñer en destaque que na maioría dos estados do mundo as EEAASS forman parte da oferta universitaria. Ocorre en todos os países de América (Norte e Sul) e de Europa e, cando non é así, os centros superiores están adscritos a unha universidade. España e Italia son a única excepción.

O G.P. do BNG entende que a adscrición das EEAASS dos centros públicos galegos á Universidade Pública, no camiño da súa integración, é unha medida necesaria que beneficiaría ao alumnado galego, beneficiaría os criterios básicos de calidade destas ensinanzas e a lexitimación das mesmas de cara á súa homologación no espazo europeo.

O G.P. do BNG entende que a adscrición das EEAASS dos centros públicos á Universidade Pública está a ser apoiada pola práctica totalidade da comunidade educativa.

O G.P. Do BNG entende que a adscrición das EEAASS dos centros públicos á Universidade Pública, si hai vontade construtiva, non é unha tramitación complexa e, a maiores, evitaría moitos problemas futuros ao alumnado.



Para o G.P. Do BNG, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria debería tomar as iniciativas precisas para posibilitar que no vindeiro curso 215/16 se puidera lograr a adscrición dos centros públicos de EEAASS á universidade pública Galega. Porque as EEAASS dos centros públicos galegos, están a sufrir unha forte competencia de universidades de fora de Galiza, que implantaron o Grao Universitario e que está obrigando a moitas alumnas e alumnos galegos a abandonar a nosa terra porque o título que se oferta na Galiza non está a ser recoñecido como “Grao Universitario”.


O BNG entende que a Xunta de Galiza debера de estar interesada en manter e consolidar as titulacións das EEAASS de Galiza traballando a prol da adscrición destas ao SUG de cara a ofertar unhas titulacións equivalentes ao Grao Universitario e, deste xeito, ter o recoñecemento no espazo europeo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar todas as medidas precisas para que:

1º.- Se inicie, canto antes, un proceso de adscrición dos centros públicos das EEAASS de Galiza ao SUG público, de cara á súa integración.

2º.- No curso 2015/16 os títulos emitidos polos centros públicos das EEAASS de Galiza, poidan estar adscritos xa á Universidade, para que o alumnado que remata os seus estudos poida converter o Título Superior en Grao Universitario.



3º.- O proceso de adscrición permita que os centros interesados nesta adscrición, poidan desenvolver todo o seu potencial nos ámbitos da oferta educativa, docencia e investigación.”

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2015

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Montserrat Prado Cores

María do Carme Adán Vilamarín

Ana Belén Pontón Mondelo

Tereixa Paz Franco

Daniel Rodas Chapela

Deputados/as do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 07/04/2015 17:42:22

Daniel Rodas Chapela na data 07/04/2015 17:42:29



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa. 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2015 17:45
Nº Rexistro: 36052
Data envío: 07/04/2015 17:45:06.892

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/04/2015 17:42:35

María Monserrat Prado Cores na data 07/04/2015 17:42:42

María do Carme Adán Villamarín na data 07/04/2015 17:42:46

Ana Belén Pontón Mondelo na data 07/04/2015 17:42:51

María Tereixa Paz Franco na data 07/04/2015 17:42:56

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 39504(09/PNC-003314)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín e 7 máis

Sobre a celebración do vindeiro Día da Edición en Galicia,
promoción das actuacións e recoñecemento social do destacado
profesional da edición Ánxel Casal Gosende

Publicación da iniciativa, 511, 02.09.2015



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Agustín Baamonde Díaz, Marisol Díaz Mouteira, Javier Dorado Soto, Hipólito Fariñas Sobrino, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez e Ramón Santos Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O vindeiro día 17 de decembro celébrase o Día da Edición en Galicia, data escollida precisamente por coincidir coa do nacemento de Ánxel Casal Gosenge, destacado profesional da edición en Galicia e valedor fundamental do libro galego, cuxo labor se considera hoxe imprescindible para sentar os alicerces que axudaron á configuración do noso moderno sector editorial.

Recoñecido editor e impresor e destacado político galeguista, asasinado por motivos ideolóxicos apenas pasados os corenta anos, a súa pioneira visión empresarial no campo da edición e o seu firme compromiso intelectual e ideolóxico coa lingua e coa cultura galegas fano merecente de recoñecemento por parte da cidadanía galega.

Dado que neste ano 2015 o Día da Edición coincide cun aniversario especialmente sinalado arredor da vida deste persoeiro (por cumprirse o 120 aniversario do seu nacemento), semella máis xustificado que nunca tratar de promover iniciativas específicas de recoñecemento social da súa figura e labor, que axuden a poñer de relevo entre a nosa cidadanía o importante -e en moitos aspectos pouco coñecido- legado cultural, artístico e intelectual que nos deixou Ánxel Casal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover actuacións de difusión e recoñecemento social que, co gallo da celebración do vindeiro Día da Edición, contribúan a poñer en valor a figura e o destacado labor e legado de Ánxel Casal, así como o seu firme compromiso coa lingua e coa cultura galegas, nomeadamente no campo da edición”.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 31/07/2015 11:22:04

Agustín Baamonde Díaz na data 31/07/2015 11:22:11

Marisol Diaz Mouteira na data 31/07/2015 11:22:17

Javier Dorado Soto na data 31/07/2015 11:22:23

Hipólito Fariñas Sobrino na data 31/07/2015 11:22:31

Jesus Goldar Guimil na data 31/07/2015 11:22:38

Antonio Mouriño Villar na data 31/07/2015 11:22:50

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 31/07/2015 11:22:57

Ramón Santos Pérez na data 31/07/2015 11:22:59

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 40860(09/PNC-003413)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a prohibición pola Xunta de Galicia de calquera intervención que poida alterar o carácter arquitectónico e paisaxístico da contorna delimitada do mosteiro de Santa María de Melón, declarado "ben de interese cultural"

Publicación da iniciativa, 520, 16.09.2015

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Carmen Iglesias Sueiro, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

O Equipo de goberno do Concello de Melón, presidido pola alcaldesa Cristina Francisco Vilches, segue amosando o habitual desprezo pola protección do Patrimonio Cultural de Galicia, anunciando a aprobación inicial do “Plan especial de protección, de dotacións e infraestruturas do BIC con categoría de monumento, do Mosteiro de Santa María de Melón (conxunto de igrexa e mosteiro), do seu contorno e do núcleo singular da Ponte Nova”

O Plan Especial publicado no DOGA do 20-5-2015, asume a demolición do Pavillón polideportivo, ordenada por dúas sentenzas firmes do TSXG, xa que fora construído ilegalmente na área de protección do devandito BIC polo anterior alcalde Alberto Pardellas, quen foi inhabilitado para o exercicio de cargos públicos durante oito anos e medio, por prevaricar autorizando a construción do polideportivo a 75 metros do mosteiro cisterciense.

A actual alcaldesa, esposa de Pardellas, é herdeira dos plans construtivos ilegais do seu esposo. Tenta, de xeito obstinado e sen xustificación algunha, continuar coa construción no mesmo lugar, dun novo Pavillón destinado a “equipamento sociocultural” de de 2.816 m2, e un aparcadoiro público, lindante co BIC e co Pavillón.

O vello Pavillón, actualmente desmontado pola deputación de Ourense, como o que se pretende construír no seu lugar, así como o novo aparcadoiro, atópanse dentro do contorno delimitado do BIC Mosteiro de Santa María de Melón. Por elo, o “Plan especial”, vulnera a lexislación vixente sobre patrimonio cultural e a



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

normativa urbanística, de xeito flagrante e contravén as sentenzas do TSXG.

As construción previstas contraveñen as claras o artigo 44 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e constitúen una alteración do contorno do BIC, que por definición legal é aquel espazo cuxa alteración poida afectar aos valores propios do ben de que se trate, a súa contemplación, apreciación ou estudo (artigo 44.1).

De acordo co concepto de contorno delimitado e do que representa ese espazo segundo a lexislación vixente, é totalmente improcedente a construción doutro Pavillón e aparcadoiro nese contorno.

Por outra banda, o artigo 44.2 prohibe calquera intervención no contorno que poida alterar o carácter arquitectónico e paisaxístico da zona, nin perturbar a contemplación do ben. É evidente neste caso que a construción que se pretenden realizar lindan co BIC, por moito que a altura sexa inferior á da actual estrutura, e altera de igual xeito a harmonía do espazo e da paisaxe, contaminando e perturbando a contemplación do ben, inda que non a impida.

Non se explica a insistencia do Goberno de Melón en levar adiante estas construcións con argucias legais nun lugar protexido, despois de varias sentenzas xudiciais neste senso.


Tamén se pronunciou a Comisión 2ª do Parlamento de Galicia, aprobando por maioría absoluta unha PNC, en relación co vello Pavillón e o cumprimento das sentenzas xudiciais de derrube do mesmo.

No seu día, a Conselleira de Medio Ambiente respondeu a esta deputada, en Pregunta Urxente no Pleno da Cámara, que o Goberno galego comprometíase e cumpriría a coa legalidade vixente, respecto da protección do Patrimonio Cultural en Melón.



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:


“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a prohibir calquera intervención no contorno delimitado do BIC Mosteiro de Santa María de Melón que poida alterar ou deturpar o carácter arquitectónico e paisaxístico da zona dando cumprimento Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.”

Pazo do Parlamento, a 07 de setembro de 2015

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 07/09/2015 14:56:52



Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2015

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 43318(09/PNC-003636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a autorización pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do acceso do alumnado ás instalacións da piscina situada no Instituto de Ensinanza Secundaria Agra do Orzán, da Coruña, nas mesmas condicións en que se viña facendo

Publicación da iniciativa, 550, 11.11.2015



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos deputados **Cosme Pombo Rodríguez** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión**, relativa ás medidas que pensa tomar a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para garantir o uso da piscina, construída nos terreos do IES Agra do Orzán, por parte do alumnado deste centro educativo nas mesmas condicións en que o viñan facendo os últimos 23 anos.

A política educativa da Consellería de Educación durante o goberno do Sr. Feijóo caracterizouse: por un continuado recorte de persoal necesario para ofertar unha educación de calidade nos centros públicos de Galiza, por un continuado recorte orzamentario e por un desleixo á hora de defender a calidade do ensino público galego. Lamentablemente, co presente curso escolar (2015-2016), tamén chegou un novo ataque da consellería de educación ao ensino público do IES Agra do Orzán, nesta ocasión para favorecer á empresa privada que se encarga das instalacións deportivas, que son de titularidade pública e están instaladas nos terreos, públicos, do IES.

A Consellería de Educación en lugar de defender o dereito ao uso da piscina por parte da totalidade do alumnado do IES, conforme se viña facendo dende hai 23 anos, parece que prefire defender os intereses da concesionaria privada.



Segundo denuncia a comunidade educativa do IES Agra do Orzán, dende hai 23 anos, o IES cedeu espazo para que se puidera construír unha piscina e máis un Polideportivo, dependente da Xunta, para uso prioritario dos alumnos do centro. Dende hai 23 anos víñase utilizando a piscina polo alumnado do IES conforme ao acordado no convenio de construción do mesmo.

Lamentabelmente, no pasado mes de outubro, a Consellería de Educación comunicalle ao centro, a prohibición do uso da piscina (Complexo Polideportivo Agra I) ao alumnado de ESO e de 1º de Bacharelato do IES, despois de usalo en quendas rotatorias durante 23 anos; uso do que poden dar fe a comunidade educativa do centro.

O Grupo Parlamentar do BNG comparte a demanda da comunidade educativa que reclamada Consellería de Educación que autorice o uso da piscina, conforme se viña facendo dende hai 23 anos, para todo o alumnado do IES do Agra do Orzán.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que a Consellería de Educación debe priorizar a calidade do ensino público galego fronte ao beneficio privado dunha concesionaria, e por esa razón debe retirar a resolución que prohibe o uso das instalacións para que poidan seguir sendo usadas polo alumnado, nas mesmas condición nas que o viñan facendo dende fai 23 anos.

Polo exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



“O Parlamento de Galiza insta á Consellería de Educación a que priorice a calidade educativa fronte ao beneficio privado e a que permita o acceso de todo o alumnado do IES Agra do Orzán ás instalacións deportivas da piscina, nas mesmas condicións nas que o viñan facendo os últimos 23 anos.”

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2015

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 03/11/2015 18:32:29

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 03/11/2015 18:32:33